

a relación nominal de alumnos xunto coa cualificación do curso, de acordo co que determinen as administracións educativas; serán asinadas polos profesores do departamento didáctico correspondente e deberán contar co visto e prace do xefe do departamento.

h) As cualificacións nas ensinanzas de idiomas de réxime especial expresaranse nos seguintes termos: apto ou non apto.

### ANEXO III

#### Equivalencias entre as ensinanzas reguladas polo Real decreto 967/1988, do 2 de setembro, as reguladas polo Real decreto 944/2003, do 18 de xullo, e as ensinanzas a que se refire este real decreto

Ensinanzas reguladas polo RD 967/1988, do 2 de setembro	Ensinanzas reguladas polo RD 944/2003, do 18 de xullo	Ensinanzas reguladas por este RD
1.º curso do ciclo elemental.	1.º curso de nivel básico.	Nivel básico (A2).
2.º curso do ciclo elemental.	2.º curso de nivel básico.	-
-	Certificado de nivel básico	-
3.º curso do ciclo elemental e certificación académica do ciclo elemental.	-	Nivel intermedio (B1) e certificado de nivel intermedio.
1.º curso do ciclo superior.	-	Nivel avanzado (B2).
2.º curso do ciclo superior.	-	-
Certificado de aptitude*.	-	Certificado de nivel avanzado*.

\* O certificado de aptitude e o de nivel avanzado serán equivalentes para os efectos académicos.

**185** REAL DECRETO 1630/2006, do 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas do segundo ciclo de educación infantil. («BOE» 4, do 4-1-2007.)

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no seu artigo 6.2 establece que lle corresponde ao Goberno fixar as ensinanzas mínimas a que se refire a disposición adicional primeira, punto 2, letra c) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xuño, reguladora do dereito á educación. O obxecto deste real decreto é establecer as ensinanzas mínimas do segundo ciclo da educación infantil.

A educación infantil constitúe unha etapa educativa con identidade propia. Por iso este real decreto establece obxectivos, fins e principios xerais referidos ao conxunto da etapa.

En virtude das competencias atribuídas ás administracións educativas, segundo os artigos 14.7 e 6.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, correspóndelles a estas determinar os contidos educativos do primeiro ciclo da educación infantil e establecer o currículo do segundo ciclo, do cal formarán parte as ensinanzas mínimas fixadas neste real decreto.

Os centros docentes xogan tamén un activo papel na determinación do currículo xa que, de acordo co establecido no artigo 6.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, lles corresponde desenvolver e completar, de ser o caso, o currículo establecido polas administracións educativas.

O currículo oriéntase a lograr un desenvolvemento integral e harmónico da persoa nos distintos planos:

físico, motórico, emocional, afectivo, social e cognitivo, e a procurar as aprendizaxes que contribúen e fan posible o devandito desenvolvemento. As aprendizaxes do segundo ciclo preséntanse en tres áreas diferenciadas das cales se describen os seus obxectivos xerais, contidos e criterios de avaliación; non obstante, boa parte dos contidos dunha área adquiren sentido desde a perspectiva das outras dúas, coas cales están en estreita relación, dado o carácter globalizador da etapa.

Pola súa banda, a avaliación debería ter como fin a identificación das aprendizaxes adquiridas así como a valoración do desenvolvemento alcanzado, tendo, xa que logo, un carácter netamente formativo. Desde esta formulación, os criterios de avaliación concíbense como unha referencia para orientar a acción educativa.

A regulación que realicen as administracións educativas deberá incluír os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, ben que a agrupación en bloques establecida neste real decreto ten como finalidade a presentación dos contidos de forma coherente.

Nesta etapa, máis que en calquera outra, desenvolvemento e aprendizaxe son procesos dinámicos que teñen lugar como consecuencia da interacción co medio. Cada neno ten o seu ritmo e o seu estilo de maduración, desenvolvemento e aprendizaxe; por iso, a súa afectividade, as súas características persoais, as súas necesidades, intereses e estilo cognitivo deberán ser tamén elementos que condicionen a práctica educativa nesta etapa. Neste proceso adquire unha relevancia especial a participación e colaboración coas familias.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e emitiron informe o Consello Escolar do Estado e o Ministerio de Administracións Públicas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación e Ciencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de decembro de 2006,

### DISPÓÑO :

#### Artigo 1. Principios xerais.

1. A educación infantil constitúe a etapa educativa con identidade propia que atende a nenas e nenos desde o nacemento ata os seis anos.

2. Esta etapa ordénase en dous ciclos. O primeiro comprende ata os tres anos e o segundo desde os tres aos seis anos de idade.

3. A educación infantil ten carácter voluntario. O segundo ciclo desta etapa educativa será gratuíto.

#### Artigo 2. Fins.

1. A finalidade da educación infantil é a de contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual dos nenos e as nenas.

2. En ambos os ciclos se atenderá progresivamente ao desenvolvemento afectivo, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento das características físicas e sociais do medio. Ademais facilitarase que nenas e nenos elaboren unha imaxe de si mesmos positiva e equilibrada e adquieran autonomía persoal.

#### Artigo 3. Obxectivos.

A educación infantil contribuír a desenvolver nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer o seu propio corpo e o dos outros, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.

b) Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.

c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.

d) Desenvolver as súas capacidades afectivas.

e) Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.

f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.

g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lecto-escritura e no movemento, o xesto e o ritmo.

#### Artigo 4. *Áreas.*

1. Os contidos educativos da educación infantil organizaranse en áreas correspondentes a ámbitos propios da experiencia e do desenvolvemento infantil e abordaranse por medio de actividades globalizadas que teñan interese e significado para os nenos.

2. Os métodos de traballo en ambos os dous ciclos basearanse nas experiencias, as actividades e o xogo e aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza, para potenciar a súa autoestima e integración social.

#### Artigo 5. *Contidos educativos e currículo.*

1. As administracións educativas determinarán os contidos educativos do primeiro ciclo da educación infantil de acordo co disposto nos artigos anteriores.

2. As administracións educativas establecerán o currículo do segundo ciclo da educación infantil, do cal formarán parte, en todo caso, as ensinanzas mínimas fixadas neste real decreto.

3. Correspóndelles ás administracións educativas fomentar unha primeira aproximación á lingua estranxeira nas aprendizaxes do segundo ciclo da educación infantil, especialmente no último ano. Así mesmo, fomentarán unha primeira aproximación á lectura e á escritura, así como experiencias de iniciación temperá en habilidades numéricas básicas, nas tecnoloxías da información e a comunicación e na expresión visual e musical.

4. Os centros docentes desenvolverán e completarán os contidos educativos do primeiro ciclo da educación infantil e o currículo do segundo ciclo establecidos polas administracións educativas, concreción que formará parte da proposta pedagóxica a que fai referencia o artigo 14.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e que deberán incluír no seu proxecto educativo aqueles centros cuxa oferta sexa de, polo menos, un ano completo.

#### Artigo 6. *Ensinanzas mínimas do segundo ciclo de educación infantil.*

1. As áreas do segundo ciclo da educación infantil son as seguintes:

Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.

Coñecemento do contorno.

Linguaxes: comunicación e representación.

Estas áreas débense entender como ámbitos de actuación, como espazos de aprendizaxes de toda orde: de actitudes, procedementos e conceptos, que contribuírán ao desenvolvemento de nenas e nenos e propiciarán a súa aproximación á interpretación do mundo, outorgándolle significado e facilitando a súa participación activa nel.

2. No anexo deste real decreto fíxanse os obxectivos, contidos e criterios de avaliación das diferentes áreas do segundo ciclo da educación infantil.

#### Artigo 7. *Avaliación.*

1. No segundo ciclo da educación infantil a avaliación será global, continua e formativa. A observación directa e sistemática constituirá a técnica principal do proceso de avaliación.

2. A avaliación neste ciclo debe servir para identificar as aprendizaxes adquiridas e o ritmo e características da evolución de cada neno ou nena. Para estes efectos tomaranse como referencia os criterios de avaliación de cada unha das áreas.

3. Os mestres que impartan o segundo ciclo da educación infantil avaliarán, ademais dos procesos de aprendizaxe, a súa propia práctica educativa.

#### Artigo 8. *Atención á diversidade.*

1. A intervención educativa debe recoller como principio a diversidade do alumnado adaptando a práctica educativa ás características persoais, necesidades, intereses e estilo cognitivo dos nenos e nenas, dada a importancia que nestas idades adquiren o ritmo e o proceso de maduración.

2. As administracións educativas establecerán procedementos que permitan identificar aquelas características que poidan ter incidencia na evolución escolar dos nenos e nenas. Así mesmo, facilitarán a coordinación de cantos sectores interveñan na atención deste alumnado.

3. Os centros adoptarán as medidas oportunas dirixidas ao alumnado que presente necesidade específica de apoio educativo.

4. Os centros atenderán os nenos e nenas que presenten necesidades educativas especiais buscando a resposta educativa que mellor se adapte ás súas características e necesidades persoais.

#### Artigo 9. *Autonomía dos centros.*

1. As administracións educativas fomentarán a autonomía pedagóxica e organizativa dos centros, favorecerán o traballo en equipo do profesorado e a súa actividade investigadora a partir da práctica docente.

2. Os centros docentes desenvolverán e completarán o currículo establecido polas administracións educativas adaptándoo ás características dos nenos e nenas e á súa realidade educativa.

3. Co obxecto de respectar a responsabilidade fundamental das nais e pais ou tutores nesta etapa, os centros cooperarán estreitamente con eles e establecerán mecanismos para favorecer a súa participación no proceso educativo dos seus fillos.

#### Disposición adicional única. *Ensinanzas de relixión.*

1. As ensinanzas de relixión incluíranse no segundo ciclo da educación infantil de acordo co establecido na disposición adicional segunda da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. As administracións educativas garantirán que os pais ou tutores dos alumnos e as alumnas poidan manifestar a súa vontade de que estes reciban ou non reciban ensinanzas de relixión.

3. As administracións educativas velarán para que as ensinanzas de relixión respecten os dereitos de todos os alumnos e das súas familias e para que non supoña discriminación ningunha recibir ou non as devanditas ensinanzas.

4. A determinación do currículo do ensino de relixión católica e das diferentes confesións relixiosas coas cales o Estado español subscribiu acordos de cooperación en materia educativa será competencia, respecti-

vamente, da xerarquía eclesiástica e das correspondentes autoridades relixiosas.

Disposición transitoria única. *Aplicabilidade do Real decreto 1330/1991, do 6 de setembro, polo que se establecen os aspectos básicos do currículo da educación infantil; o Real decreto 828/2003, do 27 de xuño, polo que se establecen os aspectos educativos básicos da educación preescolar, e do Real decreto 2438/1994, do 16 de decembro, que regula o ensino da relixión.*

Ata a implantación da nova ordenación da educación infantil de acordo co disposto no Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, as ensinanzas mínimas desta etapa rexeranse polo establecido no Real decreto 1330/1991, do 6 de setembro, polo que se establecen os aspectos básicos do currículo da educación infantil; o Real decreto 828/2003, do 27 de xuño, polo que se establecen os aspectos educativos básicos da educación preescolar, e o Real decreto 2438/1994, do 16 de decembro, que regula o ensino da relixión, no que respecta a esta etapa educativa.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogados o Real decreto 1330/1991, do 6 de setembro, polo que se establecen os aspectos básicos do currículo da educación infantil, e o Real decreto 828/2003, do 27 de xuño, polo que se establecen os aspectos educativos básicos da educación preescolar.

2. Queda derogado o Real decreto 2438/1994, do 16 de decembro, que regula o ensino da relixión, no que respecta a esta etapa educativa.

3. Quedan derogadas as demais normas de igual ou inferior rango en canto se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Carácter básico.*

Este real decreto ten carácter de norma básica ao abeiro das competencias que lle atribúe ao Estado o artigo 149.1.1.º e 30.º da Constitución española, e dítase en virtude da habilitación que lle confire ao Goberno o artigo 6.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e en uso da competencia estatal para a ordenación xeral do sistema educativo e para a fixación das ensinanzas mínimas recollida na disposición adicional primeira, 2, a) e c), da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo.*

Correspóndelle ao ministro de Educación e Ciencia ditar, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións sexan precisas para a execución e o desenvolvemento do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 29 de decembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación e Ciencia,  
MERCEDES CABRERA CALVO-SOTELO

## ANEXO

### Áreas do segundo ciclo de educación infantil

A educación infantil ten como principal finalidade contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual de nenos e nenas en estreita cooperación coas familias. Nesta etapa educativa séntanse as bases para o desenvolvemento persoal e social e intégranse aprendizaxes que están na base do posterior desenvolvemento de competencias que se consideran básicas para todo o alumnado.

No currículo do segundo ciclo da etapa dáselles especial relevancia ás aprendizaxes orientadas ao coñecemento, valoración e control que nenos e nenas van adquirindo da súa propia persoa, das súas posibilidades e da capacidade para utilizar con certa autonomía os recursos dispoñibles en cada momento. Neste proceso resulta relevante a adquisición de destrezas para realizar as actividades habituais cun certo grao de responsabilidade, autonomía e iniciativa na utilización axeitada de espazos e materiais e no desempeño das diversas tarefas que se realizan na aula. As interaccións co medio, o crecente control motor, a constatación das súas posibilidades e limitacións, o proceso de diferenciación dos outros, farán que vaian adquirindo unha progresiva independencia con respecto ás persoas adultas. Todo iso contribúe a «aprender a ser eu mesmo e aprender a facer» e senta as bases do desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal.

Neste proceso de adquisición de autonomía, a linguaxe verbal cobra unha especial importancia xa que é neste ciclo no cal se inicia de forma sistemática a adquisición da lingua ao proporcionar contextos variados que permiten ampliar o marco familiar e desenvolver as capacidades comunicativas de nenos e nenas. Pero non se debe esquecer que interveñen tamén outro tipo de linguaxes, como son a corporal, a artística (tanto plástica coma musical), a audiovisual e a matemática, e que no seu conxunto son básicas para enriquecer as posibilidades de expresión e contribúen ao desenvolvemento da competencia comunicativa.

Á vez, o desenvolvemento das destrezas e capacidades individuais e a súa interacción co medio e cos iguais contribúen á evolución do pensamento, ensinando a pensar e a aprender (pensamento crítico, toma de decisións, resolución de problemas, utilización de recursos cognitivos, etc.) e sentan as bases para a posterior aprendizaxe.

Neste ciclo o contorno das nenas e dos nenos amplíase e diversifícase, o que os pon en situación de afrontar experiencias novas e de interaccionar con elementos ata entón descoñecidos. Realizan aprendizaxes orientadas ao establecemento de relacións sociais cada vez máis amplas e diversas, espertando neles a conciencia de que existe unha variedade e suscitando actitudes positivas cara a ela. Con todo isto aprenden a relacionarse cos demais e a respectar as normas de convivencia, a vivir xuntos e contribúese ao posterior desenvolvemento da competencia social.

### Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

Esta área de coñecemento e experiencia fai referencia, de forma conxunta, á construción gradual da propia identidade e da súa madurez emocional, ao establecemento de relacións afectivas cos demais e á autonomía persoal como procesos inseparables e necesariamente complementarios. Os contidos que nesta área se agrupan adquiren sentido desde a complementariedade co resto das áreas, e deberanse interpretar nas propostas didácticas desde a globalidade da acción e das aprendizaxes.

Neste proceso de construción persoal resultan relevantes as interaccións de nenos e nenas co medio, o crecente control motor, o desenvolvemento da conciencia

emocional, a constatación das súas posibilidades e limitacións, o proceso de diferenciación dos outros e a independencia cada vez maior con respecto ás persoas adultas.

A identidade é unha das resultantes do conxunto de experiencias que nenos e nenas teñen ao interaccionaren co seu medio físico, natural e, sobre todo, social. Na devandita interacción, que debe promover a imaxe positiva dun mesmo, a autonomía, a conciencia da propia competencia, a seguranza e a autoestima, constrúese a propia identidade. Os sentimentos que desencadean deben contribuír á elaboración dun concepto persoal axustado, que lles permita percibir e actuar conforme as súas posibilidades e limitacións, para un desenvolvemento pleno e harmónico.

Débese ter en conta que a imaxe que nenos e nenas constrúen de si mesmos é en gran parte unha interiorización da que lles mostran os que os rodean e da confianza que neles depositan. Así mesmo, a forma en que as persoas adultas recollen as súas iniciativas facilitará ou obstaculizará o seu desenvolvemento.

Ao longo desta etapa as experiencias dos nenos e nenas co medio deben axudarlles a coñecer global e parcialmente o seu corpo, as súas posibilidades perceptivas e motoras, que poidan identificar as sensacións que experimentan, gozar con elas e servirse das posibilidades expresivas do corpo para manifestalas. O recoñecemento das súas características individuais, así como das dos seus compañeiros, é unha condición básica para o seu desenvolvemento e para a adquisición de actitudes non discriminatorias.

A presenza de trazos persoais diferentes, ben por razón de sexo, orixe social ou cultural, debe ser utilizada polo profesorado para atender a diversidade, propiciando un ambiente de relacións presidido polo respecto e a aceptación das diferenzas.

Atenderase, así mesmo, ao desenvolvemento da afectividade como dimensión esencial da personalidade infantil, potenciando o recoñecemento, a expresión e o control progresivo de emocións e sentimentos.

Para contribuír ao coñecemento de si mesmo e á autonomía persoal, convén promover o xogo como actividade privilexiada que integra a acción coas emocións e o pensamento, e favorece o desenvolvemento social.

Na educación infantil tamén ten grande importancia a adquisición de bos hábitos de saúde, hixiene e nutrición. Estes hábitos contribúen ao coidado do propio corpo e dos espazos en que transcorre a vida cotiá, e á progresiva autonomía de nenos e nenas.

A escola, especialmente a estas idades, é un ámbito particularmente adecuado para enriquecer os procesos de construción do coñecemento de si mesmo e da autonomía persoal, se ofrece unha intervención educativa axustada ás distintas necesidades individuais en contextos de benestar, seguranza e afectividade.

#### *Obxectivos*

En relación coa área, a intervención educativa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Formar unha imaxe axustada e positiva de si mesmo a través da interacción cos outros e da identificación gradual das propias características, posibilidades e limitacións desenvolvendo sentimentos de autoestima e autonomía persoal.
2. Coñecer e representar o seu corpo, os seus elementos e algunhas das súas funcións, descubriendo as posibilidades de acción e de expresión, e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.
3. Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades ou preferencias, e ser capaces de denomina-

los, expresalos e comunicalos aos demais, identificando e respectando tamén os dos outros.

4. Realizar, de maneira cada vez máis autónoma, actividades habituais e tarefas sinxelas para resolver problemas da vida cotiá, aumentando o sentimento de autoconfianza e a capacidade de iniciativa e desenvolvendo estratexias para satisfacer as súas necesidades básicas.

5. Adecuar o seu comportamento ás necesidades e requirimentos dos outros desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración, evitando comportamentos de submisión ou dominio.

6. Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguranza, a hixiene e o fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional.

#### *Contidos*

##### Bloque 1. O corpo e a propia imaxe

O corpo humano. Exploración do propio corpo. Identificación e aceptación progresiva das características propias. O esquema corporal.

Percepción dos cambios físicos propios e da súa relación co paso do tempo. As referencias espaciais en relación co propio corpo.

Utilización dos sentidos: sensacións e percepcións.

As necesidades básicas do corpo. Identificación, manifestación, regulación e control delas. Confianza nas capacidades propias para a súa satisfacción.

Identificación e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e dos demais. Control progresivo dos propios sentimentos e emocións.

Aceptación e valoración axustada e positiva de si mesmo, das posibilidades e limitacións propias.

Valoración positiva e respecto polas diferenzas, aceptación da identidade e características dos demais, evitando actitudes discriminatorias.

##### Bloque 2. Xogo e movemento

Confianza nas propias posibilidades de acción, participación e esforzo persoal nos xogos e no exercicio físico. Gusto polo xogo.

Control postural: o corpo e o movemento. Progresivo control do ton, equilibrio e respiración. Satisfacción polo crecente dominio corporal.

Exploración e valoración das posibilidades e limitacións perceptivas, motoras e expresivas propias e dos demais. Iniciativa para aprender habilidades novas.

Nocións básicas de orientación e coordinación de movementos.

Adaptación do ton e a postura ás características do obxecto, do outro, da acción e da situación.

Comprensión e aceptación de regras para xogar, participación na súa regulación e valoración da súa necesidade, e do papel do xogo como medio de disfrute e de relación cos demais.

##### Bloque 3. A actividade e a vida cotiá

As actividades da vida cotiá. Iniciativa e progresiva autonomía na súa realización. Regulación do propio comportamento, satisfacción pola realización de tarefas e conciencia da propia competencia.

Normas que regulan a vida cotiá. Planificación secuenciada da acción para resolver tarefas. Aceptación das propias posibilidades e limitacións na súa realización.

Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo. Valoración e gusto polo traballo ben feito por un mesmo e polos demais.

Habilidades para a interacción e colaboración e actitude positiva para establecer relacións de afecto coas persoas adultas e cos iguais.

#### Bloque 4. O coidado persoal e a saúde

Accións e situacións que favorecen a saúde e xeran benestar propio e dos demais.

Práctica de hábitos saudables: hixiene corporal, alimentación e descanso. Utilización axeitada de espazos, elementos e obxectos. Petición e aceptación de axuda en situacións que a requiran. Valoración da actitude de axuda doutras persoas.

Gusto por un aspecto persoal coidado. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.

Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.

A dor corporal e a enfermidade. Valoración axustada dos factores de risco, adopción de comportamentos de prevención e seguraza en situacións habituais, actitude de tranquilidade e colaboración en situacións de enfermidade e de pequenos accidentes.

Identificación e valoración crítica ante factores e prácticas sociais cotiás que favorecen ou non a saúde.

#### *Cráterios de avaliación*

1. Dar mostra dun coñecemento progresivo do seu esquema corporal e dun control crecente do seu corpo, global e sectorialmente, manifestando confianza nas súas posibilidades e respecto aos demais.

Con este criterio obsérvase o desenvolvemento do ton, postura e equilibrio, control respiratorio ou a coordinación motora e avalíase a utilización das posibilidades motoras, sensitivas e expresivas do propio corpo. Deberán manifestar un control progresivo destas en distintas situacións e actividades, como xogos, rutinas ou tarefas da vida cotiá. Deberán ser capaces de recoñecer e nomear as distintas partes do corpo e situalas espacialmente, no seu propio corpo e no dos demais. Así mesmo, valorarase se identifican os sentidos, establecendo diferenzas entre eles en función da súa finalidade e se poden explicar con exemplos sinxelos as principais sensacións asociadas a cada sentido.

Avalíase tamén, a través deste criterio, a formación dunha imaxe persoal axustada e positiva, a capacidade para utilizar os recursos propios, o coñecemento das súas posibilidades e limitacións e a confianza para emprender novas accións. Deberán manifestar, igualmente, respecto e aceptación polas características dos demais, sen discriminacións de ningún tipo, e mostrar actitudes de axuda e colaboración.

2. Participar en xogos, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas, e regulando a expresión de sentimentos e emocións.

Trátase de avaliar con este criterio a participación activa en distintos tipos de xogo. Observarase tamén o desenvolvemento dos elementos motores que se manifestan en desprazamentos, marcha, carreira ou saltos; así como a coordinación e o control das habilidades manipulativas de carácter fino que cada actividade require. Valorarase tamén a súa participación e utilización axeitada das normas que os rexen, e a manifestación e progresiva regulación de sentimentos e emocións que provoca a propia dinámica dos xogos, e tamén se mostra actitudes de colaboración e axuda mutua en xogos diversos, evitando adoptar posturas de submisión ou de dominio, especialmente entre nenos e nenas.

3. Realizar autonomamente e con iniciativa actividades habituais para satisfacer necesidades básicas, consolidando progresivamente hábitos de coidado persoal, hixiene, saúde e benestar.

Preténdense avaliar con este criterio as destrezas adquiridas para realizar as actividades habituais relacionadas coa hixiene, a alimentación, o descanso, os desprazamentos e outras tarefas da vida diaria. Estimarase o grao de autonomía e a iniciativa para levar a cabo as devanditas actividades, utilizando axeitadamente os espazos e materiais apropiados. Apreciarase o gusto por participar en actividades que favorecen un aspecto persoal coidado, un contorno limpo e esteticamente agradable, e por colaborar na creación dun ambiente xerador de benestar.

#### **Coñecemento do contorno**

Con esta área de coñecemento e experiencia preténdese favorecer en nenos e nenas o proceso de descubrimento e representación dos diferentes contextos que compoñen o contorno infantil, así como facilitar a súa inserción neles, de xeito reflexivo e participativo. Os contidos desta área adquiren sentido desde a complementariedade co resto das áreas, e deberanse interpretar nas propostas didácticas desde a globalidade da acción e das aprendizaxes. Así, por exemplo, o contorno non pode ser comprendido sen a utilización das diferentes linguaxes; do mesmo xeito, a realización de desprazamentos orientados debe facerse desde o coñecemento do propio corpo e da súa situación espacial.

As interaccións que nenas e nenos establezan cos elementos do medio, que coa entrada na escola se diversifica e amplía, deben constituír situacións privilexiadas que os levarán a medrar, a ampliar os seus coñecementos sobre o mundo e a desenvolver habilidades, destrezas e competencias novas. Concíbese, pois, o medio como a realidade na cal se aprende e sobre a cal se aprende.

Para coñecer e comprender como funciona a realidade, o neno indaga sobre o comportamento e as propiedades de obxectos e materias presentes no seu contorno: actúa e establece relacións cos elementos do medio físico, explora e identifica os devanditos elementos, recoñece as sensacións que producen, anticipase aos efectos das súas accións sobre eles, detecta semellanzas e diferenzas, compara, ordena, cuantifica, pasando así da manipulación á representación, orixe das incipientes habilidades lóxico-matemáticas.

Deste xeito, e coa intervención educativa axeitada, nenos e nenas aproxímanse ao coñecemento do mundo que os rodea, estruturan o seu pensamento, interiorizan as secuencias temporais, controlan e canalizan accións futuras e van adquirindo maior autonomía respecto ás persoas adultas.

O medio natural e os seres e elementos que o integran convértense ben cedo en obxectos preferentes da curiosidade e interese infantil. As vivencias que teñen en relación cos elementos da natureza e a reflexión sobre elas levaraos, co apoio axeitado da escola, á observación dalgunos fenómenos naturais, as súas manifestacións e consecuencias, así como a achegarse gradualmente ao coñecemento dos seres vivos, das relacións que se establecen entre eles, das súas características e dalgunhas das súas funcións.

A apreciación da diversidade e riqueza do medio natural, o descubrimento de que as persoas formamos parte dese medio, a vinculación afectiva a este, son a base para fomentar desde a escola actitudes habituais de respecto e coidado.

Ao longo desta etapa, os nenos e as nenas descubren a súa pertenza ao medio social. A vida escolar leva consigo o establecemento de experiencias máis amplas que os achegarán ao coñecemento das persoas e das relacións interpersoais, xerando vínculos e desenvolvendo actitudes como confianza, empatía e apego que constitúen a sólida base da súa socialización. No desenvolve-

mento destas relacións afectivas, terase en conta a expresión e comunicación das propias vivencias, das súas emocións e sentimentos, para a construción da propia identidade e para favorecer a convivencia.

Progresivamente irán achegándose ao coñecemento dalgúns trazos culturais propios. A diversidade cultural aconsella aproximar nenos e nenas aos usos e costumes sociais desde unha perspectiva aberta e integradora que lles permita coñecer diversos modos e manifestacións culturais presentes na sociedade, e xerar así actitudes de respecto e aprecio cara a elas.

O contorno infantil debe ser entendido, consecuentemente, como o espazo de vida que rodea nenos e nenas, no cal se inclúe o que afecta cada un individualmente e o que afecta os diferentes colectivos de pertenza, como familia, amigos, escola ou barrio. Así, as nenas e os nenos recoñecerán neles as dimensións física, natural, social e cultural que compoñen o medio en que vivimos.

A importancia das tecnoloxías como parte dos elementos do contorno aconsellan que nenas e nenos identifiquen o papel que estas tecnoloxías teñen nas súas vidas, interesándose polo seu coñecemento e iniciándose no seu uso.

### *Obxectivos*

En relación coa área, a intervención educativa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Observar e explorar de forma activa a súa contorna, xerando interpretacións sobre algunhas situacións e feitos significativos, e mostrando interese polo seu coñecemento.

2. Relacionarse cos demais, de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.

3. Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida, xerando actitudes de confianza, respecto e aprecio.

4. Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e calidades e establecendo relacións de agrupamentos, clasificación, orde e cuantificación.

5. Coñecer e valorar os compoñentes básicos do medio natural e algunhas das súas relacións, cambios e transformacións, desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e responsabilidade na súa conservación.

### *Contidos*

#### Bloque 1. Medio físico: elementos, relacións e medida

Os obxectos e materias presentes no medio, as súas funcións e usos cotiáns. Interese pola súa exploración e actitude de respecto e coidado cara a obxectos propios e alleos.

Percepción de atributos e calidades de obxectos e materias. Interese pola clasificación de elementos e por explorar as súas calidades e graos. Uso contextualizado dos primeiros números ordinais.

Aproximación á cuantificación de coleccións. Utilización da contaxe como estratexia de estimación e uso dos números cardinais referidos a cantidades manexables.

Aproximación á serie numérica e á súa utilización oral para contar. Observación e toma de conciencia da funcionalidade dos números na vida cotiá.

Exploración e identificación de situacións en que se fai necesario medir. Interese e curiosidade polos instrumentos de medida. Aproximación ao seu uso.

Estimación intuitiva e medida do tempo. Situación temporal de actividades da vida cotiá.

Situación de si mesmo e dos obxectos no espazo. Posicións relativas. Realización de desprazamentos orientados.

Identificación de formas planas e tridimensionais en elementos da contorna. Exploración dalgúns corpos xeométricos elementais.

#### Bloque 2. Achegamento á natureza

Identificación de seres vivos e materia inerte como o sol, animais, plantas, rochas, nubes ou ríos. Valoración da súa importancia para a vida.

Observación dalgúns características, comportamentos, funcións e cambios nos seres vivos. Aproximación ao ciclo vital: do nacemento á morte.

Curiosidade, respecto e coidado cara aos elementos do medio natural, especialmente animais e plantas. Interese e gusto polas relacións con eles rexeitando actuacións negativas.

Observación de fenómenos do medio natural (chuvia, vento, día, noite). Formulación de conxecturas sobre as súas causas e consecuencias.

Desfrute ao realizar actividades en contacto coa natureza. Valoración da súa importancia para a saúde e o benestar.

#### Bloque 3. Cultura e vida en sociedade

A familia e a escola como primeiros grupos sociais de pertenza. Toma de conciencia da necesidade da súa existencia e funcionamento mediante exemplos do papel que desempeñan na súa vida cotiá. Valoración das relacións afectivas que neles se establecen.

Observación de necesidades, ocupacións e servizos na vida da comunidade.

Incorporación progresiva de pautas axeitadas de comportamento, disposición para compartir e para resolver conflitos cotiáns mediante o diálogo de forma progresivamente autónoma, atendendo especialmente á relación equilibrada entre nenos e nenas.

Recoñecemento dalgúns sinais de identidade cultural da contorna e interese por participar en actividades sociais e culturais.

Identificación dalgúns cambios no modo de vida e nos costumes en relación co paso do tempo.

Interese e disposición favorable para establecer relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos e nenas doutras culturas.

#### *Criterios de avaliación*

1. Discriminar obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Agrupar, clasificar e ordenar elementos e coleccións segundo semellanzas e diferenzas ostensibles, discriminar e comparar algunhas magnitudes e cuantificar coleccións mediante o uso da serie numérica.

Preténdese valorar con este criterio a capacidade para identificar os obxectos e as materias presentes no seu contorno, o interese por exploralos mediante actividades manipulativas e establecer relacións entre as súas características ou atributos (forma, cor, tamaño, peso) e o seu comportamento físico (caer, rolar, esvarar, brincar).

Refírese, así mesmo, ao modo en que nenos e nenas van desenvolvendo determinadas habilidades lóxico-matemáticas, como consecuencia do establecemento de relacións cualitativas e cuantitativas entre elementos e coleccións. Tamén se observará a capacidade desenvolvida para resolver sinxelos problemas matemáticos da súa vida cotiá.

Valorarase o interese pola exploración das relacións numéricas con materiais manipulativos e o recoñecemento das magnitudes relativas aos números elementais (p.ex. que o número cinco representa cinco cousas, independentemente do espazo que ocupen, do seu tamaño,

forma ou doutras características) así como o achegamento á comprensión dos números na súa dobre vertente cardinal e ordinal, o coñecemento dalgúns dos seus usos e a súa capacidade para utilizalos en situacións propias da vida cotiá.

Terase en conta, así mesmo, o manexo das nocións básicas espaciais (arriba, abaixo; dentro, fóra; cerca, lonxe), temporais (antes, despois, pola mañá, pola tarde) e de medida (pesa máis, é máis longo, está máis cheo).

2. Dar mostras de interesarse polo medio natural, identificar e nomear algúns dos seus compoñentes, establecer relacións sinxelas de interdependencia, manifestar actitudes de coidado e respecto cara á natureza e participar en actividades para conservala.

Con este criterio valórase o interese, coñecemento e grao de sensibilización polos elementos da natureza, tanto vivos como inertes; a indagación dalgunhas características e funcións xerais, achegándose á noción de ciclo vital e constatando os cambios que este leva consigo.

Valorarase tamén se son capaces de establecer algunhas relacións entre medio físico e social, identificando cambios naturais que afectan a vida cotiá das persoas (cambios de estacións, temperatura) e cambios na paisaxe por intervencións humanas. Mostraranse actitudes de coidado e respecto cara á natureza participando en actividades para conservala. Estimarase, así mesmo, o interese que manifestan polo coñecemento do medio, as observacións que fan, así como as conxecturas que sobre as súas causas e consecuencias formulan.

3. Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do seu contorno, algunhas características da súa organización e os principais servizos comunitarios que ofrece. Pór exemplos das súas características e manifestacións culturais e valorar a súa importancia.

Con este criterio avalíase o coñecemento dos grupos sociais máis próximos (familia, escola), dos servizos comunitarios que estes ofrecen (mercado, atención sanitaria ou medios de transporte), e do seu papel na sociedade.

A toma de conciencia sobre a necesidade do social estimarase verbalizando algunhas das consecuencias que, para a vida das persoas, tería a ausencia de organizacións sociais, así como a necesidade de dotarse de normas para convivir.

Observarase, así mesmo, a súa integración e vinculación afectiva aos grupos máis próximos e a acomodación da súa conduta aos principios, valores e normas que os reñen. Especial atención merecerá a capacidade que nenos e nenos mostren para a análise de situacións conflitivas e as competencias xeradas para un axeitado tratamento e resolución destas.

Avalíase igualmente a comprensión dalgúns sinais ou elementos que identifican outras culturas presentes no medio, e tamén se establecen relacións de afecto, respecto e xenrosidade con todos os seus compañeiros e compañeiras.

### Linguaxes: comunicación e representación

Esta área de coñecemento e experiencia pretende tamén mellorar as relacións entre o neno e o medio. As distintas formas de comunicación e representación serven de nexos entre o mundo exterior e interior ao seren instrumentos que fan posible a representación da realidade, a expresión de pensamentos, sentimentos e vivencias e as interaccións cos demais.

Na etapa de educación infantil ampliáanse e diversifícanse as experiencias e as formas de representación que nenos e nenos elaboran desde o seu nacemento. Traballar educativamente a comunicación implica potenciar as capacidades relacionadas coa recepción e interpretación de mensaxes e as dirixidas a emitilas ou producilas, contribuíndo a mellorar a comprensión do mundo e a expresión orixinal, imaxinativa e creativa.

Como xa se reiterou, as tres áreas débense traballar de xeito conxunto e integrado. Así, cando se aborde, por exemplo, o coñecemento de obxectos e materias que se reflicte na área coñecemento do contorno, traballarase ao propio tempo a linguaxe matemática, que se refire á representación daquelas propiedades e relacións entre obxectos, que un achegamento á realidade activo e indagatorio lles permite ir construíndo.

No uso das distintas linguaxes, nenos e nenos irán descubrindo a mellor adaptación de cada unha delas á representación das distintas realidades ou dimensións dunha mesma realidade. Deste xeito facilitarase que acomoden os códigos propios de cada linguaxe ás súas intencións comunicativas, achegándose a un uso cada vez máis propio e creativo das devanditas linguaxes.

As diferentes formas de comunicación e representación que se integran nesta área son: a linguaxe verbal, a linguaxe artística, a linguaxe corporal, a linguaxe audiovisual e das tecnoloxías da información e da comunicación.

Por outro lado a linguaxe oral é especialmente relevante nesta etapa; é o instrumento por excelencia de aprendizaxe, de regulación da conduta e de manifestación de vivencias, sentimentos, ideas, emocións, etc. A verbalización, a explicación en voz alta do que están a aprender, do que pensan e do que senten é un instrumento imprescindible para configurar a identidade persoal, para aprender, para aprender a facer e para aprender a ser. Coa lingua oral irase estimulando, a través de interaccións diversas, o acceso a usos e formas cada vez máis convencionais e complexas.

No segundo ciclo de educación infantil preténdese que nenos e nenos descubran e exploren os usos da lectura e a escritura, espertando e afianzando o seu interese por eles. A utilización funcional e significativa da lectura e a escritura na aula levaraos, coa intervención educativa pertinente, a iniciarse no coñecemento dalgunhas das propiedades do texto escrito e das súas características convencionais, cuxa adquisición se deberá completar no primeiro ciclo de primaria.

Así mesmo, é necesario o desenvolvemento de actitudes positivas cara á propia lingua e cara a dos demais, espertando sensibilidade e curiosidade por coñecer outras linguas. Na introdución dunha lingua estranxeira valorarase a devandita curiosidade e o achegamento progresivo aos significados de mensaxes en contextos de comunicación coñecidos, fundamentalmente nas rutinas habituais de aula.

É preciso tamén un achegamento á literatura infantil, a partir de textos comprensibles e accesibles para que esta iniciación literaria sexa fonte de gozo e desfrute, de diversión e de xogo.

A linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación presentes na vida infantil requiren un tratamento educativo que, a partir do uso apropiado, inicie nenos e nenos na comprensión das mensaxes audiovisuais e na súa utilización axeitada.

A linguaxe artística fai referencia tanto á plástica coma á musical. A linguaxe plástica ten un sentido educativo que inclúe a manipulación de materiais, texturas, obxectos e instrumentos, e o achegamento ás producións plásticas con espontaneidade expresiva, para estimular a adquisición de novas habilidades e destrezas e espertar a sensibilidade estética e a creatividade. A linguaxe musical posibilita o desenvolvemento de capacidades vinculadas coa percepción, o canto, a utilización de obxectos sonoros e instrumentos, o movemento corporal e a creación, que xorden da escoita atenta, a exploración, a manipulación e o xogo cos sons e a música. Preténdese estimular a adquisición de novas habilidades e destrezas que permitan a produción, uso e comprensión de sons de distintas características cun sentido expresivo e comunicativo, e favorezan un espertar da sensibilidade estética fronte a manifestacións musicais de distintas características.

A linguaxe corporal ten que ver coa utilización do corpo, os seus xestos, actitudes e movementos cunha

intención comunicativa e representativa. Especialmente interesante resulta a consideración do xogo simbólico e da expresión dramática como modo de manifestar a súa afectividade e de dar conta do seu coñecemento do mundo.

As linguaxes contribúen tamén ao desenvolvemento dunha competencia artística que vai acompañada do espertar de certa conciencia crítica que se pon en xogo ao compartir cos demais as experiencias estéticas.

Estas linguaxes contribúen, de xeito complementario, ao desenvolvemento integral de nenos e nenas e desenvólvense de xeito integrado cos contidos das dúas primeiras áreas. A través das linguaxes desenvolven a súa imaxinación e creatividade, aprenden, constrúen a súa identidade persoal, mostran as súas emocións, o seu coñecemento do mundo, a súa percepción da realidade. Son, ademais, instrumentos de relación, regulación, comunicación e intercambio e a ferramenta máis potente para expresar e xestionar as súas emocións e para representarse a realidade. En canto que produtos culturais, son instrumentos fundamentais para elaborar a propia identidade cultural e apreciar a doutros grupos sociais.

### *Obxectivos*

En relación coa área, a intervención educativa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Utilizar a lingua como instrumento de comunicación, de representación, aprendizaxe e desfrute, de expresión de ideas e sentimentos, e valorar a lingua oral como un medio de relación cos demais e de regulación da convivencia.

2. Expresar emocións, sentimentos, desexos e ideas mediante a lingua oral e a través doutras linguaxes, elixindo o que mellor se axuste á intención e á situación.

3. Comprender as intencións e as mensaxes doutros nenos e adultos adoptando unha actitude positiva cara á lingua, tanto propia como estranxeira.

4. Comprender, reproducir e recrear algúns textos literarios mostrando actitudes de valoración, desfrute e interese cara a eles.

5. Iniciarse nos usos sociais da lectura e a escritura explorando o seu funcionamento e valorándoas como instrumento de comunicación, información e desfrute.

6. Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes e realizar actividades de representación e expresión artística mediante o emprego de diversas técnicas.

7. Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades dentro da aula, e mostrar interese e desfrute ao participar nestes intercambios comunicativos.

### *Contidos*

#### Bloque 1. Linguaxe verbal

Escoitar, falar e conversar:

Utilización e valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos, para explorar coñecementos, para expresar e comunicar ideas e sentimentos, e como axuda para regular a propia conduta e a dos demais.

Uso progresivo, acorde coa idade, de léxico variado e con crecente precisión, estruturación apropiada de frases, entoación axeitada e pronunciación clara.

Participación e escoita activa en situacións habituais de comunicación. Acomodación progresiva dos seus enunciados aos formatos convencionais, así como achegamento á interpretación de mensaxes, textos e relatos orais producidos por medios audiovisuais.

Utilización axeitada das normas que rexen o intercambio lingüístico, respectando a quenda de palabra, escoitando con atención e respecto.

Interese por participar en interaccións orais en lingua estranxeira en rutinas e situacións habituais de comunicación.

Comprensión da idea global de textos orais en lingua estranxeira, en situacións habituais da aula e cando se fala de temas coñecidos e predicibles. Actitude positiva cara á lingua estranxeira.

Aproximación á lingua escrita:

Achegamento á lingua escrita como medio de comunicación, información e desfrute. Interese por explorar algúns dos seus elementos.

Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. Identificación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. Percepción de diferenzas e semellanzas entre elas. Iniciación ao coñecemento do código escrito a través desas palabras e frases.

Uso, gradualmente autónomo, de diferentes soportes da lingua escrita como libros, revistas, xornais, carteis ou etiquetas. Utilización progresivamente axustada da información que proporcionan.

Interese e atención na escoita de narracións, explicacións, instrucións ou descricións, lidas por outras persoas.

Iniciación no uso da escritura para cumprir finalidades reais. Interese e disposición para o uso dalgunhas convencións do sistema da lingua escrita como linealidade, orientación e organización do espazo, e gusto por producir mensaxes con trazos cada vez máis precisos e lexibles.

Achegamento á literatura:

Escoita e comprensión de contos, relatos, lendas, poesías, rimas ou adiviñas, tanto tradicionais como contemporáneas, como fonte de pracer e de aprendizaxe.

Recitado dalgúns textos de carácter poético, de tradición cultural ou de autor, gozando das sensacións que o ritmo, a rima e a beleza das palabras producen.

Participación creativa en xogos lingüísticos para divertirse e para aprender.

Dramatización de textos literarios e desfrute e interese por expresarse con axuda de recursos extralingüísticos. Interese por compartir interpretacións, sensacións e emocións provocadas polas producións literarias.

Utilización da biblioteca con respecto e coidado, valoración da biblioteca como recurso informativo de entretemento e desfrute.

#### Bloque 2. Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e da comunicación

Iniciación no uso de instrumentos tecnolóxicos como ordenador, cámara ou reprodutores de son e imaxe, como elementos de comunicación.

Achegamento a producións audiovisuais como películas, debuxos animados ou videoxogos. Valoración crítica dos seus contidos e da súa estética.

Distinción progresiva entre a realidade e a representación audiovisual.

Toma progresiva de conciencia da necesidade dun uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación.

#### Bloque 3. Linguaxe artística

Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica (líña, forma, cor, textura, espazo).

Expresión e comunicación de feitos, sentimentos e emocións, vivencias, ou fantasías a través do debuxo e de producións plásticas realizadas con distintos materiais e técnicas.



Interpretación e valoración, progresivamente axustada, de diferentes tipos de obras plásticas presentes no contorno.

Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais. Utilización dos sons achados para a interpretación e a creación musical.

Recoñecemento de sons do medio natural e social, e discriminación dos seus trazos distintivos e dalgúns contrastes básicos (longo-curto, forte-suave, agudo-grave).

Audición atenta de obras musicais presentes no contorno. Participación activa e disfrute na interpretación de cancións, xogos musicais e danzas.

#### Bloque 4. Linguaxe corporal

Descubrimento e experimentación de xestos e movementos como recursos corporais para a expresión e a comunicación.

Utilización, con intención comunicativa e expresiva, das posibilidades motoras do propio corpo con relación ao espazo e ao tempo.

Representación espontánea de personaxes, feitos e situacións en xogos simbólicos, individuais e compartidos.

Participación en actividades de dramatización, danzas, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal.

#### *Criterios de avaliación*

1. Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva cos seus iguais e coas persoas adultas, segundo as intencións comunicativas, e comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.

Mediante este criterio avalíase o desenvolvemento da capacidade para expresarse e comunicarse oralmente, con claridade e corrección suficientes para levar a cabo diversas intencións comunicativas (pedir axuda, informar dalgún feito, dar sinxelas instrucións, participar en conversas en grupo). Valorarase o interese e o gusto pola utilización pertinente e creativa da expresión oral para regular a propia conduta, para relatar vivencias, razoar, resolver situacións conflitivas, comunicar os seus estados anímicos e compartilos cos demais. Igualmente este criterio refírese á capacidade para escoitar e comprender mensaxes, relatos, producións literarias, descrições, explicacións, informacións que lles permitan participar na vida da aula.

O respecto aos demais deberase manifestar no interese e a atención cara ao que din e no uso das convencións sociais (gardar a quenda de palabra, escoitar, mirar o interlocutor, manter o tema), así como na aceptación das diferenzas.

2. Mostrar interese polos textos escritos presentes na aula e na contorna próxima, iniciándose no seu uso, na comprensión das súas finalidades e no coñecemento dalgúns características do código escrito. Interesarse e participar nas situacións de lectura e escritura que se producen na aula.

Con este criterio avalíase se os nenos e as nenas valoran e se interesan pola lingua escrita, e se se inician na utilización funcional da lectura e a escritura como medios de comunicación, de información e de disfrute. Tal interese mostrarase na atención e curiosidade polos actos de lectura e de escritura que se realizan na aula. Observarase o uso axeitado do material escrito (libros, xornais, cartas, etiquetas, publicidade). Valorarase o interese por explorar os mecanismos básicos do código escrito, así como o coñecemento dalgúns características e convencións da lingua escrita, coñecementos que se consolidarán na educación primaria.

3. Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais, mostrando interese por explorar as súas posibilidades, por gozar coas súas producións e por compartir cos demais as experiencias estéticas e comunicativas.

Con este criterio avalíase o desenvolvemento das habilidades expresivas por medio de diferentes materiais, instrumentos e técnicas propios das linguaxes musical, audiovisual, plástica e corporal.

Observarase o gusto por experimentar e explorar as posibilidades expresivas do xesto, os movementos, a voz e tamén a cor, a textura ou os sons.

Valorarase o desenvolvemento da sensibilidade estética e de actitudes positivas cara ás producións artísticas en distintos medios, xunto co interese por compartir as experiencias estéticas.

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**187**

*ORDE PRE/4063/2006, do 29 de decembro, pola que se introducen modificacións no Regulamento de circulación aérea aprobado polo Real decreto 57/2002, do 18 de xaneiro, relativas a servizos de tránsito aéreo, procedementos de navegación aérea e sinais. («BOE», 4 do 4-1-2007.)*

O Regulamento de circulación aérea, aprobado polo Real decreto 57/2002, do 18 de xaneiro, en desenvolvemento da Lei 48/1960, do 21 de xuño, sobre navegación aérea, foi obxecto de diversas modificacións derivadas dos cambios introducidos pola Organización de Aviación Civil Internacional (OACI) nos anexos e documentos do Convenio de Chicago e a necesidade de adaptar as operacións de voo ás innovacións técnicas producidas en materia de aeronavegación.

A disposición derradeira primeira, «modificacións de carácter técnico», do mencionado real decreto, faculta a ministra de Fomento e o ministro de Defensa para introduciren, con suxeición ao disposto na Orde da Presidencia do Goberno do 8 de novembro de 1979, pola cal se crea con carácter permanente, a Comisión Interministerial prevista no artigo sexto do Real decreto lei 12/1978, do 27 de abril, sobre fixación e delimitación de facultades entre os ministerios de Defensa e de Transportes e Comunicacións en materia de aviación, cantas modificacións de carácter técnico foren precisas para a adaptación das operacións de voo ás innovacións técnicas que se produzan e especialmente ao disposto na normativa contida nos anexos OACI e nos tratados e convenios internacionais de que España forme parte.

Na actualidade, cómpre modificar o Regulamento da circulación aérea para a súa adaptación á emenda que a citada Organización de Aviación Civil Internacional introduciu no anexo 2, emenda n.º 38, e anexo 11, emenda n.º 42, relativos a «Regras do aire» e «Servizos de tránsito aéreo» respectivamente, ben como ao que figura no Documento 4444 «Procedementos para os servizos de navegación aérea-xestión do tránsito aéreo» relativo a Seguranza ATM.

Tamén se fai preciso modificar algunhas normas que regulan as operacións en ben da seguranza do tránsito aéreo, debéndose adecuar o Regulamento da circulación aérea no relativo ás colacións que deben realizar os pilotos unha vez que reciban autorizacións ou instrucións do servizo de control de tránsito aéreo ben como con respecto á separación de aeronaves por ronsel turbulento.

Así mesmo, considerase necesario suprimir o uso de material pirotécnico para subministrar sinais ao tránsito de aeródromo desde as torres de control dado que existen, para indicar as mesmas instrucións, medios alternativos de menor perigosidade.

Finalmente, como aspectos relevantes da tramitación pódense citar, xunto ao trámite de audiencia ás entidades